

Xoves, 13 de abril de 2023

Núm. 71

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOAÑA

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 12/23 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/23

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Moaña, na sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2023, aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria nº 12/23 do orzamento xeral do Concello de Moaña, na modalidade de crédito extraordinario nº 01/23.

O que se publica en cumprimento do ordenado e con aplicación do disposto nos artigos 179.4 e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e, en consecuencia, exponse ao público o expediente durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), durante os cales os/as interesados/as poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Os documentos relativos á citada modificación orzamentaria, publicaranse no Portal de Transparencia do Concello de Moaña (Indicador 3. Información económico e orzamentaria, 3.1 Orzamentos, 3.1.2 Modificacións orzamentarias), ao que se accede a través da sede electrónica do Concello de Moaña (<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), a partir da data de publicación deste anuncio no BOPPO, de conformidade co disposto na letra e) do artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A modificación orzamentaria considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas. Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, a modificación orzamentaria publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente ao marxe

